

Neste concurso participan, amais de Xuventude, Tenencia de Alcaldía e *Faro de Vigo* .

- Microprogramas en televisión: *As Terras do Fragoso*

O territorio de Vigo móstrásenos coma un gran teatro que mira ao solpor, onde a ría forma un e ampliar o coñecemento do galego a través da toponimia, e asemade, sensibilizar, valorar, recuperar e transmitir o noso patrimonio e lingua.

A toponimia é o termo con que designamos o conxunto de nomes de lugar ou, o que é o mesmo, de topónimos. E os nomes de lugar son unha parte fundamental do patrimonio cultural dunha comunidade. É un corpo patrimonial intanxible que se foi transmitindo de xeración en xeración ata os nosos días e que constitúe un elemento esencial da nosa identidade galega, tanto que podemos dicir que é o libro de historia da nosa historia. Eles infórmanos dos pobos que se asentaron no noso territorio, dos cultivos, da vexetación, das construcións, dos camiños, das lendas, dos posuidores, dos traballos da terra, dos cursos de auga, onde atopamos a toponimia máis antiga etc.

Achegar todo este coñecemento, asemade que descuberta, é o propósito que perseguimos a través de 40 microprogramas, e a través da colección sobre a toponimia do Val do Fragoso (nome do lugar onde vai desenvolverse Vigo) nos que nos achegamos aos nosos lugares cotiáns para saber o porque nos chegaron denominados dese xeito e porque temos que conservar este legado patrimonial

- Libros de toponimia: *As terras do Fragoso*

Achegarnos á microtoponimia das parroquias é o obxectivo desta colección da cal xa se editou o primeiro volume: Coia e está preparado o segundo: Lavadores. Xunto co libro edítase un mapa da parroquia cos microtopónimos. Esta colección realízase coa Universidade.

- *Como se chama ese lugar?*

Froito da colaboración coa Universidade de Vigo, naceron, tamén as xornadas que se realizaron no mes de decembro e contou coa presenza do presidente da Real Academia Galega, no relatorio de inauguración e profesores como Gonzalo Navaza, Francisco Fernández Rei, así como expertos en toponimia con Xose Lois Vilar, Luz Méndez, Iván Sestay.

## 2.- EN GALEGO TAMÉN NOUTROS MUNDOS

### **Para dinamizadores e formadores:**

- Curso de formación de formadores

### **Para poboación estranxeira (Achégate á lingua e cultura galega):**

- Curso de galego I
- Curso de galego II

### **Para todas e todos:**

- Xornadas “Compartimos unha cidade. Compartamos as nosas linguas”:
- Obradoiros de linguas do mundo:
  - árabe
  - wolof
  - chinés
- Mapa das linguas do mundo

- Cine en galego doutros mundos
- Exposición “O galego tamén noutros mundos”

#### **Para a poboación escolar**

- Obradoiros de multiculturalidade

A poboación de orixe estranxeira en Vigo acada xa o 6%. De procedencia de estados dos cinco continentes cómpre destacar que as maiores porcentaxes son de países latinoamericanos, Brasil e Senegal.

Tanto no Plan de inmigración como no Plan de dinamización lingüística (PDL) a integración destas persoas en lingua galega é lugar común.

Así no sector inmigración do PDL determínase que un dos nortes que temos que seguir ha ser: “Dar a coñecer e promover a lingua galega entre o colectivo inmigrante”, para o que cómpre “Deseñar e desenvolver un programa de accións de sensibilización e dinamización lingüística ente a poboación inmigrante”

Dentro das distintas accións realizadas para achegarles a lingua e cultura galega, destacamos o programa “En galego tamén noutros mundos”, desenvolvido polas áreas de normalización lingüística, mocidade, benestar social, cultura e animación e festas. A maiores cómpre destacar o papel das distintas asociacións de inmigrantes (implicadas dende o inicio da actuación en setembro do pasado ano) así como aquelas outras de voluntariado e ONGs.

*En galego tamén noutros mundos* é un programa, inserido xa como dicíamos, no Plan de inmigración, que quere achegarles a cultura e lingua galega a estes e estas novas viguesas. Obxectivo que é mesmo demandado polas propias persoas inmigrantes, tal e como nolo formularon no Consello Social da Lingua.

Que nos coñezan, que se integren na nosa sociedade viguesa e galega, mais que os coñezamos a eles tamén. De aí que esta actuación teña accións dirixidas a eles mais tamén outras dirixidas aos vigueses e viguesas para que os coñezamos (participación en actividades culturais, festa gastronómica, obradoiros de linguas...)

#### **ACCIÓNS:**

- Curso de formador de formadores

Para desenvolvermos o programa coas maiores garantías consideramos necesario contarmos con persoal capaz e motivado para traballar con persoas inmigrantes. Non só cumpría saber galego ou ser monitor de tempo libre para realizar as distintas actividades senón que criamos preciso presentar esa dobre compoñente. De aí ese curso de formador de formadores (houbo que realizar dúas quendas pola demanda, nos meses de xaneiro e febreiro) do que temos xa xente que está levando as iniciativas deste programa.

- Achégate á lingua e cultura galega

Unha desas iniciativas son estes dous cursos moi básicos, apenas no primeiro con texto escrito no que queríamos que aprendesen a realidade sociocultural na que estaban a emprender unha nova vida e, asemade e a través da lingua galega, coñecesen a historia de Galicia, de Vigo... a administración, a rede de transportes, as festas...

Actividades:

- Curso inicial de lingua galega (marzo e novembro)
- *Curso básico de lingua e cultura galegas (abril)*
- Xornadas de debate “**Compartimos unha cidade. Compartamos as nosas linguas**”

No mes de febreiro organizáronse estas nas que quixemos coñecer mellor esta nova realidade lingüística da sociedade viguesa. As conferencias tiveron lugar os días 2, 9, 23 de febreiro e o 2 de marzo en horario de 17 a 20 horas. Neses catro días tiveron a palabra diferentes colectivos que traballan con persoas de orixe estranxeira e as novas e novos vigueses que nos contan as súas experiencias. As persoas asistentes valoraron positivamente o feito de existir un lugar de encontro no que coñecer outras situacións e proxectos desenvolvidos que poden ser explotados noutros lugares.

O primeiro día dedicouse ao coñecemento da realidade lingüística do mundo e, en concreto, de Galiza e de Vigo, que dicir, as novas linguas e culturas que chegaron até nós grazas á chegada de persoas estranxeiras á nosa cidade. Logo desta introdución coñecemos máis polo miúdo a planificación lingüística e integración social desenvolvida en Burela, coñecida como o “Modelo Burela”. O día 9 de febreiro tiveron palabra diferentes organismos e persoas que traballan con persoas inmigrantes dentro das súas actividades. O día 23 de febreiro os protagonistas da mesa redonda foron persoas inmigrantes que exporán as súas experiencias e a súa relación coa lingua galega como vehículo integrador ou non. O día de peche das xornadas, o día 2 de marzo, tentamos artellar diferentes vieiros de actuación para avanzarmos na integración e no intercambio de coñecemento das realidades lingüística e cultural da nosa cidade.

- **Obradoiros de linguas do mundo**

No mes de maio comezaron estes obradoiros. Con profesorado nativo ofrecéronse uns cursos de **6 horas** de árabe e wolof, que tiveron continuidade no mes de novembro nun obradoiro de lingua chinesa e no mes de febreiro haberá outro de lingua romanese. O achegamento a estas linguas que comparten a nosa realidade cotiá na cidade de Vigo é unha aposta polo coñecemento mutuo e o interese que espertan culturas das que non sabemos nin as palabras de convivencia (ola, grazas...). En cada un dos obradoiros hai dúas quendas: unha durante a semana e outra os sábados á mañá.

Os obradoiros teñen máis afluencia os sábados á mañá: wolof, **10 persoas** o sábado e **5 persoas** durante a semana; árabe, **10 persoas** e **6** durante a semana; chinés, **12 persoas** e **7** durante a semana; romanés, lista de agarda (**20 persoas inscritas**) os sábados e **6** inscritos durante a semana.

- **Mapa das linguas do mundo**

Elaborouse un mapa das linguas do mundo que serve para explicar dun xeito visual a diversidade lingüística existente no planeta. Ofrece a clasificación das linguas por familias lingüísticas en diferentes cores explicando o número de cada unha delas. Tamén hai dous cadros: un co número de linguas por estado e outra coa porcentaxe de linguas por continentes. O mapa está nun tamaño A2 e en cor.

Para acompañar o mapa tamén se deseñou **un tríptico** en tamaño A4 no que se inclúen o mapa e a clasificación por familias como no cartel, aínda que menos detallados. Os textos que aparecen no tríptico informan sobre as linguas do mundo e tamén sobre a presenza do galego no mundo. Un terceiro expón curiosidades sobre galego e outras linguas.

- Cine en galego doutros mundos

Unha das vías para acadarmos ese obxectivo de coñecer a quen vén doutros lugares cunha cultura e unha lingua de seu é este ciclo de cine (integrado nas Festas de Vigo) no que a través da imaxe e do son seremos quen de achegarnos a esoutras realidades de onde proveñen estas e estes novos vigueses.

6 filmes de distinta orixe (rusa, arxentina, africana, brasileira, chinesa e galega) cun elemento en común: a lingua galega, xa que as de orixe foránea son subtituladas en galego.


Neste proxecto contamos coa colaboración da área de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo

- O galego tamén noutros mundos

Exposición itinerante para levar por centros de ensino, asociacións e áreas comerciais que transmite a universalidade da lingua e cultura galega, dende o medievo até os nosos días. Dende poder estudar galega en Nova York, a gañar un concurso da televisión xaponesa en galego até podernos entender con Cristiano Ronaldo, Ronaldinho ou Kaká, sen esquecermos da importancia que tiveron e teñen os centros galegos espallados polo mundo.

Somos, temos, compartimos unha lingua universal da que nos sentimos ben fachendosos.

Esta exposición iniciou a súa andaina polos centros de ensino no mes de outubro e temos cerradas solicitudes até o mes de novembro de 2011



- Obradoiros de multiculturalidade “**Todos e todas diferentes, todos e todas iguais**”

No mes de novembro e no primeiro trimestre de 2011 tamén se desenvolveron actividades nos centros de ensino cunha maior porcentaxe de alumnado de orixe estranxeira. O obxectivo destes obradoiros era que coñecesen e respectasen a diversidade cultural e as súas características. Para iso, abordáronse estereotipos e derrubáronse prexuízos culturais dun xeito lúdico. Os obradoiros leváronse a cabo en **2 sesións de 2 horas por grupo**, para alumnado de primaria, secundaria e bacharelato.

Houbo **3** centros que participaron no mes de novembro: IES República Oriental de Uruguai (3º **ESO** con 25 alumnos e alumnas), o IES Castelao (3º e 4º PDC con 20 alumnos e alumnas) e o CEIP O Pombal (5º **primaria** con 15 alumnos e alumnas). Un total de **60 alumnos e alumnas** dos centros de ensino de Vigo foron sensibilizados á diversidade lingüística e cultural da nosa cidade só no período de novembro. No ano 2011 repetírase a experiencia cun mínimo doutros **7** obradoiros de lingua e culturas do mundo xa que a acollida nos centros de ensino (tanto polo profesorado como polo alumnado) foi inmejorable.

### 3.-**DUPLO R**

- Concerto Duplo R
- Obradoiros de regueifas
- Certame escolar de regueifas
- Obradoiros Duplo R
- Regueifándolle e rapeándolle ao Nadal

Programa dirixido á mocidade viguesa dende as concellarías de Xuventude, Cultura e o Normalización Lingüística

Duplo R xorde de unir a regueifa e o rap. A cultura hiphop é un referente entre a mocidade viguesa mentres a regueifa é un mundo alleo. Para lograr a atención desta franxa de idade na regueifa e na nosa lingua é necesario facelo dende o que eles valoran e aprecian. Preténdese que vexan ao galego como unha lingua da modernidade e que vai cos novos tempos. Unha lingua que é válida para a nosa tradición e para as novas tendencias que acollemos.

Continuación de actividades xa desenvolvidas que agora se presentan como un programa dirixido á xente moza para dinamizar entre esta a lingua galega en contextos habituais para ela e utilizando como “ferramentas” expresións propios dela

Tradición e modernidade, ritmo e rima, teatro e performance, rap e regueifa, hip-hop e break, graffiti... en galego e dende o galego

Os obxectivos deste programa son varios:

- Ver o galego como lingua vehicular da música e da cultura hiphop.
- Coñecer a regueifa (tradición, historia, métrica, ritmo, rima...)
- Coñecer o rap (influencias, ritmo, métrica...)
- Coñecer e valorar as posibilidades da interacción entre a regueifa e o rap (semellanzas, puntos en común das dúas expresións artísticas...)
- Coñecer as relacións entre música e poesía e as posibilidades de traballo en común. Como achegar a poesía por medio da música.
- Coñecer as posibilidades didácticas do teatro e a performance.
- Coñecer a cultura hiphop (historia, raíces, evolución...)

Neste programa contamos coa colaboración dos departamentos de Cultura e Xuventude.